



Entidade de contratación:	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte NIF: G70181797 Domicilio: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños. A Coruña. Correo Electrónico: galp.mar.costadamorte@xunta.gal				
Denominación do expediente:	Servizo de Perito Independente Para Valoración Previa e de Obra de Proxectos de Construción Presentados ao Abeiro da Estratexia Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobada ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.				
Ref. Expediente:	GALP3-2024-006	Harmonizado:	Non	Admite Variantes:	Non
				Lotes:	Non
Procedemento S/ Instrucción OIX:	II Necesidades Continuas ou Esporádicas con Determinados Valores.	Tipo contrato:	Servizos	Prórroga:	Si
Tipo tramitación:	Necesidade Continua	Criterios:	Prezo e Experiencia	Plurianual:	Si
Orzamento base de licitación (ive incluído):	21.429,85 €	Valor estimado (ive excluído):	41.833,28 €	Prazo:	35 meses. Duración máxima, incluído posibles prórrogas 71 meses.

A) PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. OBXECTO

Servizo de Perito Independente Para Valoración Previa e de Obra de Proxectos de Construción Presentados ao Abeiro da Estratexia Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobada ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.

1.2. TIPO DE CONTRATO

Contrato de Servizos

1.3. NECESIDADE A SATISFACER

Garantir o cumprimento da necesidade do servizo de perito independente, **para valoración previa e de obra, de proxectos de construción** presentados ao abeiro ao Abeiro da Estratexia Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobada ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026.

Esta labor necesita de persoal especializado, perito independente, medios humanos dos que o Galp Costa da Morte non dispón, que a normativa exige carácter independente e que é necesario contratar externamente.

O presente contrato non é obxecto de fraccionamento posto que abarca o servizo para total actual do período restante 2023-2026, contemplado no Convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar.

LOTES

Esta contratación non está dividida en lotes. Pola natureza continua dos traballos a realizar, a súa división e posible contratación con distintas empresas podería ocasionar dilacións, dificultaría o normal funcionamento do servizo e o importe de contratación, de contía non elevada, non restrinxe o acceso a pequenas e medianas empresas.

2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

2.1. A Orzamento base de licitación Máximo Período (Ive Excluído)

17.710,62 €

2.1 B A Orzamento base de licitación Prezo Máximo Unitario (Ive Excluído)

125,00 € por cada 100.000 euros de orzamento de execución para informes de valoración previa en fase de solicitude.

162,50 € por cada 100.000 euros de orzamento de execución para informes de valoración de obra en fase de xustificación.

2.2. A Ive Máximo para o período

3.719,23 €

2.2 B Ive Prezo Máximo Unitario

26,25 € por cada 100.000 euros de orzamento de execución para informes de valoración previa en fase de solicitude.

34,13 € por cada 100.000 euros de orzamento de execución para informes de valoración de obra en fase de xustificación.

2.3. A Orzamento Base de licitación Máximo Período (Ive Incluído)

21.429,86 €

2.3 B Orzamento Base de licitación Prezo Máximo Unitario (Ive Incluído)

151,25 € por cada 100.000 euros de orzamento de execución para informes de valoración previa en fase de solicitude

196,63 € por cada 100.000 euros de orzamento de execución, para informes de valoración de obra en fase de xustificación.

Os importes anteriores, están calculados en base a estimación de proxectos para as anualidades 2024, 2025 e 2026, sendo este importe o máximo de licitación para todo o período duración do contrato, que en ningún se poderán superar, salvo o previsto no apartado 18 de modificación de contrato.

Os prezos unitarios por cada 100.000 euros de orzamento de execución a peritar, non deberán superar os importes indicados para cada informe, segundo a tipoloxía referenciada.

2.4. Valor Estimado (Ive Excluído)

Orzamento base de licitación	17.710,62 €
Posibilidade de Prórroga 2027-2028-2029	20.580,54 €
Posibilidade de Modificación	3.542,12 €
Total	41.833,28 €

2.5. Xustificación da determinación do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato.

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de contratos e a estimación de informes a realizar segundo o histórico dos contratos anteriores realizados pola entidade de contratación para o mesmo obxecto.

2.6. Revisión de Prezos.

Non procede.

2.7. Financiamento

Esta contratación está financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e Xunta de Galicia segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026.

3. REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

ANUALIDADES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN			
	2024	2025	2026	Total Base Licitación
Orzamento (Ive Excluído)	5.414,79 €	5.435,65 €	6.860,18 €	17.710,62 €
Ive	1.137,10 €	1.141,49 €	1.440,64 €	3.719,23 €
Orzamento (Ive Incluído)	6.551,89 €	6.577,14 €	8.300,82 €	21.429,85 €

4. REPARTO POR ANUALIDADES E VALOR ESTIMADO

ANUALIDADES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN				PRÓRROGAS				MODIFICACIÓNS	VALOR ESTIMADO
	2024	2025	2026	Total Base Licitación	2027	2028	2029	Total Prórrogas		
Orzamento (Ive Excluído)	5.414,79 €	5.435,65 €	6.860,18 €	17.710,62 €	6.860,18 €	6.860,18 €	6.860,18 €	20.580,54 €	3.542,12 €	41.833,28 €
Ive	1.137,10 €	1.141,49 €	1.440,64 €	3.719,23 €	1.440,64 €	1.440,64 €	1.440,64 €	4.321,92 €	743,85 €	8.785,00 €
Orzamento (Ive Incluído)	6.551,89 €	6.577,14 €	8.300,82 €	21.429,85 €	8.300,82 €	8.300,82 €	8.300,82 €	24.902,46 €	4.285,97 €	50.618,28 €

5. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

Para a determinación do prezo e tívose en conta a execución do programa anterior de axudas do FEMP para o período 2016-2020, no que o importe de gasto solicitado para o total do programa foi de 22.592.132,88€, dos que o 16,61%, 11,41%, 22,05%, corresponderon á segunda, terceira e cuarta anualidades, equivalentes as actuais segunda (2024), terceira (2025) e cuarta (2026) do programa FEMPA 2023-2027.

Ata 2019 non foi necesario o peritaxe de proxectos e tendo en conta os datos das anualidades nas que se realizou a peritaxe (2019 a 2021) o resumo de execución sería o seguinte:

RESUMO DE GASTO PERITADO PROGRAMA FEMP (ANOS 2019 A 2021)	
Gasto Solicitado	13.249.987,48 €
Gasto Peritado	7.841.750,12 €
Gasto Xustificado	9.461.860,35 €
% Gasto Peritado	59%
% Gasto Xustificado	71%

Tendo en conta a execución media do programa anterior realizouse a **estimación de gasto de 7.347.528,88 €, obxecto de peritaxe nos informes de valoración previa e de 5.246.894,93 €, obxecto de peritaxe de valoración de obra executada.** O prezo unitario dos informes de valoración de obra foron calculados con un incremento do 30% con respecto ao prezo dos informes de valoración previa. O cálculo do gasto solicitado, axustouse tendo en conta o incremento do orzamento do plan financeiro actual que é un 6,60% superior ao do programa anterior do FEMP 2016-2020 e incrementouse un 25% a previsión de gasto a peritar en base ao novo límite exixido na última convocatoria de axudas do novo programa FEMPA, a proxectos de obra obxecto de peritaxe, inferior ao programa anterior do FEMP 2014-2020. A previsión de gasto solicitado

para a anualidade 2026 foi estimado con unha ponderación inferior ao do programa anterior 13,23% en lugar do 22,05% debido a posibilidade de que se acorten os prazos de xustificación, dado que o convenio de colaboración coa Consellería do Mar remata o 31-12-2026 e non está garantida a continuidade do programa.

En relación co imposto sobre o valor engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente.

6. SOLVENCIA DO CONTRATISTA

6.1. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira.

Deben acreditarse os dous seguintes medios:

Medio 1: Volume anual de negocios do licitador ou candidato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos.

Criterios de selección e requisitos mínimos: o volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil ou no seu caso, dos libros exixidos pola normativa de aplicación ou modelo 390 de resumo anual de ive, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.

O volume anual de negocios deberá ser polo menos unha vez e media o valor medio anual do contrato: **9.108,32 €**

No caso de empresas cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios é necesario presentar a cifra de negocios de aquel de maior volume, no caso, cuxo período de actividade non abrangue un ano, presentarase do período de actividades da empresa, que deberá ser superior en todo caso, á contía referida anteriormente, por fracción de ano acreditado.

6.2. Medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional.

Medio 1 : Acreditación do título de licenciado en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo.

Criterios de selección e requisitos mínimos: A persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente

do mesmo debe estar en posesión do título de Licenciado en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente.

Medio 2 : Acreditación da condición de profesional colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos.

Criterios de selección e requisitos mínimos: A persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo debe estar colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos.

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

7.1. Criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non hai.

7.2. Criterios avaliados de forma automática (100 puntos)

Criterio	Puntuación	Ponderación
a) Oferta económica-prezo (máximo 60 puntos) Asignarase o máximo de puntuación (60 puntos) á oferta de prezo unitario máis baixo, por cada 100.000 euros de orzamento de execución, media aritmética entre o prezo ofertado para informes de valoración previa (fase de solicitude) e informes de valoración de obra (fase de xustificación) asignándolle a puntuación ao resto de ofertas mediante proporcionalidade inversa, aplicando a seguinte fórmula: Oferta de prezo unitario máis baixo -----60 puntos Oferta valorada ----- X puntos $X = \text{Oferta de prezo unitario máis baixo} \times 60 / \text{Oferta valorada}$	60	60%
b) Experiencia, referenciada en € de orzamento total de proxectos que foron obxecto de solicitude de axuda, no marco do Fondo Europeo de Pesca (FEP), Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) ou Fondo Europeo, Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA), xestionados por entidades sen ánimo de lucro, nos que a persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso do técnico encargado directamente do mesmo, que vaia a executar directamente o contrato, realizou o servizo perito independente, na valoración dos citados proxectos. (máximo 40 puntos). Asignarase o máximo de puntuación (40 puntos) á proposta que acredite maior experiencia, asignándolle a	40	40%

puntuación ao resto de propostas mediante proporcionalidade directa, aplicando a seguinte fórmula: Proposta de maior experiencia ----- 40 puntos Proposta valorada ----- X puntos $X = \frac{\text{Orzamento Total Experiencia Proposta Valorada} \times 40}{\text{Orzamento Total Proposta Maior Experiencia}}$		
---	--	--

7.3. Aplicación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non procede.

7.4. Aplicación dos criterios avaliados de forma automática

Criterio	Aplicación
Prezo	Anexo III coa oferta económica.
Experiencia	Certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos, breve resumo da labor realizada, número total de expedientes obxecto do servizo e importe total de orzamento, identificado o programa de axudas dos fondos europeos ao que optaron os proxectos obxecto do servizo prestado.

7.5. Documentación relativa aos criterios avaliados mediante xuízo de valor

Non procede.

8. PROCEDIMIENTO CON FASES

Non hai.

9. PUBLICIDADE

O anuncio de licitación publicarase na páxina de Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro: <https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions>

10. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Nas oficinas do Galp Costa da Morte: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños (A Coruña), en horario de 8.30 a 15.00, días laborables de luns a venres ou por correo certificado sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos (achegarse ao enderezo electrónico galp.mar.costadamorte@xunta.gal xustificante de presentación antes da finalización do prazo), dentro do prazo de presentación indicado neste apartado.
Forma de presentación	Deberase presentar un total de dous sobres pechados: – “Sobre A: “Documentación xeral”. – “Sobre C: “Criterios avaliados avaliados de forma automática”
Prazo de Presentación	Dende a data da publicación do anuncio de licitación (19 de xaneiro de 2023) , na web https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions , ata o 29 de xaneiro de 2023 .

11. DOCUMENTACIÓN

11.1. SOBRE A (debe identificarse no seu exterior como “SOBRE A”).

Documentación acreditativa dos requisitos de capacidade:

- **Anexo II de declaración responsable do licitador.**
- **Os empresarios que sexan persoas xurídicas, aos efectos de acreditar a capacidade de obrar e que o seu obxecto social se axeita a actividade obxecto do contrato, achegaran a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.**
- **Certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.**

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira:

- **Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil ou no seu caso, dos libros exixidos pola normativa de aplicación ou modelo 390 de resumo anual de ive, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.**

Documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional:

- **Acreditación do título de licenciado en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo.**
- **Acreditación da condición de profesional colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos.**

11.2. SOBRE C (debe identificarse no seu exterior como "SOBRE C").

Documentación acreditativa dos Criterios avaliados de forma automática:

- **Anexo III coa oferta económica.**
- **Certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos, breve resumo da labor realizada, número total de expedientes obxecto do servizo e importe total de orzamento, identificado o programa de axudas dos fondos europeos ao que optaron os proxectos obxecto do servizo prestado**

Toda a documentación preceptiva, deberá vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, **debendo figurar independente dos sobres, un índice relacionando os documentos que se presentan, asinado e identificando a persoa licitante.**

12. PRAZO DE EXECUCIÓN/ENTREGA

Prazo de execución	O prazo de execución será dende o mes de febreiro de 2024 ata o 31-12-2026, cumprindo os prazos de entrega establecidos no prego de condicións técnicas.
Prórroga	Si. O contrato poderá prorrogarse por un máximo de 36 meses, ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será anual, salvo a última, que será polo tempo restante do programa, segundo convenio coa Consellería do Mar en vigor. A prórroga será obrigatoria para o contratista se o preaviso se fai cunha antelación mínima de 2 meses á data de remate do contrato.

13. VALORACIÓN DAS OFERTAS POLA COMISIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a comisión de contratación, procederá ao exame e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (Sobre A), en función dos requisitos esixidos.

Se se observasen erros ou omisións emendables, concederáse un prazo non superior a tres días naturais para a súa emenda. A estes efectos, comunicárase por correo electrónico aos interesados

A documentación requirida, para a emenda de erros ou omisións, deberá ser entregada, en todo caso, na dirección indicada na cláusula 10. deste prego e adiantada por correo electrónico ao enderezo electrónico galp.mar.costadamorte@xunta.gal

Adoptado o acordo sobre admisión definitiva dos licitadores, procederase á apertura, en acto público, do sobre C, dos licitadores admitidos no día, lugar e hora sinalado, cun mínimo de 48 horas de antelación, no portal web <https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions>.

Finalizada a valoración das ofertas, o Secretario da Mesa levantará acta, expoñendo: as ofertas excluídas, as non seleccionadas e a seleccionada, coas puntuacións correspondentes. A continuación, a Presidencia da Comisión, baseándose na acta expedida polo Secretario, formulará a proposta de adxudicación do contrato dirixida ao órgano competente do GALP para a adxudicación.

14. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS.

En caso de empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

15. PAGAMENTO DO PREZO.

Os pagamentos serán anuais para cada tipoloxía de informe: un pagamento anual para os informes de valoración previa e un pagamento anual para os informes de valoración de obra, salvo acordo entre as partes, de período inferior e polo importe que se derive da aplicación, tamén no caso de prórroga, dos prezos unitarios ofertados por cada 100.000 euros de orzamento de execución para cada tipoloxía de informe indicado, co límite máximo por anualidade que figura no cadro de reparto de anualidades do punto 4 deste prego, salvo o previsto no apartado 18. A facturación será sempre anterior ao 31 de decembro de cada anualidade.

Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

16. DURACIÓN.

35 meses (dende febreiro de 2024 ata decembro de 2026). Duración máxima, incluído posibles prórrogas, 71 meses.

17. PROTECCIÓN DE DATOS, CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO.

17.1. Confidencialidade e deber de sixilo.

O contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos e o seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo da entidade de contratación.

17.2. Protección de datos de carácter persoal.

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del.

O licitante ou adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;

— a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que o adxudicatario acceda en virtude do presente contrato, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos dende o coñecemento desa información

18. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais de gasto obxecto de peritaxe, fosen superiores ás estimadas inicialmente, poderá realizarse unha modificación do contrato ata un máximo do 20% do prezo do contrato.

19. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.

19.1. Cumprimento do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, se for o caso, no de prescricións técnicas, e á satisfacción do Galp Costa da Morte, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes tras terse producido a entrega ou realización do obxecto do contrato.

19.2. Resolución do contrato.

1. Son causas de resolución do contrato:

- a) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- b) O mutuo acordo entre o Galp e o contratista.
- c) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- d) Incumprimento en dúas ou máis ocasións, sobre o plan de traballos establecido no prego, en calquera actividade, en especial na entrega dos seguintes servizos obxecto do contrato:

Retrasos na entrega dos informes de valoración obxecto do contrato que que impidan ao Galp o cumprimento en prazo da normativa de aplicación ou a entrega das contas xustificativas de proxectos ante a Consellería do Mar en prazo, por causa imputable ao contratista.

Retrasos na realización da inspección física, se procede, dos gastos obxecto por causa imputable ao contratista.

- e) A demora no pago por parte do Galp por prazo superior a 3 meses no pago das facturas do contrato a partir da súa entrega.
- f) A insuficiencia de crédito orzamentario segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026, addendas e modificacións do mesmo, que será comunicada polo Galp con antelación mínima de 2 meses.
- g) O incumprimento da obrigaón principal do contrato.
- h) Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigaóns esenciais descritas neste prego.
- i)
- j) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato.
- k) Nos casos en que se esixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo ao que se refire a cláusula 17.1, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

20. INFORMACIÓN DE CONTACTO.

Galp Costa Morte.

Xerencia Guillermo González Díez

Teléfonos: 981 70 73 78 – 626 104 619

Enderezo Electrónico: galp.mar.costadamorte@xunta.gal

Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños.

B) PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARTICULARES

1. NECESIDADE A SATISFACER

Garantir o cumprimento da necesidade do servizo de perito independente, para valoración previa e de obra, de proxectos de construción presentados ao abeiro de bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.

Esta labor necesita de persoal especializado, perito independente, medios humanos dos que o Galp Costa da Morte non dispón, que normativa exige que debe ter carácter independente e que por razóns de eficiencia e eficacia administrativa é necesario contratar externamente.

O presente contrato non é obxecto de fraccionamento para eludir outros procedementos e optouse por realizar o procedemento II máis exixente en lugar de adxudicación directa.

Orzamento e datos económicos anuais do Galp:

O Galp Costa da Morte é unha asociación sen ánimo de lucro ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, con sede social e fiscal en Buño, Malpica de Bergantiños. O Galp Costa da Morte é entidade colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 para o territorio que abrangue os Concellos de A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas e Muxía

O plan financeiro da EDLP, distribuído en Proxectos e Gastos de Xestión (Funcionamento e Animación) , segundo convenio de colaboración coa Consellería do Mar, para a aplicación da EDLP o seguinte:

RESUMO PLAN FINANCIERO (en euros)						
ANUALIDADES		2023	2024	2025	2026	Total
APLICACIÓN EDLP (PROXECTOS)		1.370.864,51	1.417.731,69	1.417.731,70	1.417.731,70	5.624.059,60
CUSTOS DE XESTIÓN, SEGUMENTO e AVALIA CIÓN da EDLP e a súa animación	FUNCIONAMENTO	238.789,41	269.221,52	269.221,52	416.714,27	1.193.946,72
	ANIMACIÓN	41.041,93	46.272,44	46.272,44	71.622,76	205.209,57
	TOTAL CUSTOS DE XESTIÓN	279.831,34	315.493,96	315.493,96	488.337,03	1.399.156,29
TOTAL		1.650.695,85	1.733.225,65	1.733.225,66	1.906.068,73	7.023.215,89

2. CARACTERÍSTICAS DOS TRABALLOS A REALIZAR:

O 13 de decembro de 2022, mediante resolución da persoa titular da Consellería do Mar, seleccionáronse os seguintes GALP e zonas pesqueiras e aprobáronse as súas estratexias, entre os que se encontraron o Galp Costa da Morte coa seguinte zona territorial de actuación que abrangue os concellos de A Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Vimianzo e Muxía.

Segundo cláusula vixésima primeira das funcións do GALP no procedemento de concesión de axudas, do convenio de colaboración do Galp Costa da Morte coa Consellería do Mar do 9 de xaneiro de 2023, para o período 2023-2026, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, O Galp ten encomendadas entre outras funcións, a de comprobar a correcta e completa presentación das solicitudes de axudas segundo os requisitos que se establezan no réxime de axudas correspondente. Con esa finalidade o GALP poderá **solicitar documentación complementaria, informes sectoriais das Administracións competentes e realizará calquera outra actuación propia da instrución, segundo a normativa vixente.**

Tendo en conta o anterior e as necesidades a satisfacer, conforme ao establecido no punto 1 deste prego de prescricións técnicas relativo á presente contratación, a empresa adxudataria prestará ao Galp Costa da Morte os seguintes servizos, nos seguintes termos:

1. Elaborará un informe de valoración previa por perito independente, por cada un dos proxectos de obra, con orzamento total de execución superior ao que se estableza nas bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, no territorio do GALP Costa da Morte, nun prazo non superior a 5 días dende o envío do proxecto técnico obxecto de valoración por parte do Galp e sempre con anterioridade á finalización do prazo para entrega ante á Consellería do Mar.

O informe, cumprirá os requisitos que se establezan nas bases reguladoras, verificará como mínimo as medicións e prezos individualizados, realizarase unha comprobación razoada de valores e analizarase de maneira individualizada os prezos do proxecto en relacións aos prezos de referencia, concluindo con unha valoración axeitada a prezos de mercado, indicando o resumo de capítulos de proxecto resultado da comprobación de valores.

2. Elaborará un informe de valoración de obra por perito independente, por cada xustificación de obra, de proxectos con orzamento total de execución superior ao que se estableza nas bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, no territorio do GALP Costa da Morte, nun prazo non superior a 7 días e sempre con anterioridade á finalización do prazo para entrega ante á Consellería do Mar, dende o envío por parte do Galp, previo á verificación in situ da obra executada, da certificación de obra obxecto de valoración e documentación xustificativa da mesma.

O informe, cumprirá os requisitos que se establezan nas bases reguladoras, verificará como mínimo as medicións e prezos individualizados e se estes se axustan aos prezos de mercado de cada obra executada, concluindo con unha valoración axeitada a prezos de mercado, indicando o resumo de capítulos de proxecto executado, resultado da comprobación de valores.

Realizarase unha visita de inspección física, que será realizada no prazo máximo de 5 días dende a comunicación do Galp.

3. No caso de detectarse posibles erros ou incidencias posteriores á elaboración do informe por perito independente, serán comunicadas ao mesmo, que debe salvagardar para iso a maior dilixencia e a máxima eficacia posible respecto diso e resolver ou emendar nun prazo non superior a 24 horas, salvo causa xustificada.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



Financiado pola
Unión Europea

Os presentes pregos foron aprobados por delegación da Xunta Directiva do Galp Costa da Morte do 10 de xullo de 2023, polos membros da mesma que a continuación asinan e que non forman parte da mesa de contratación que formulará a proposta de adxudicación:

En Buño a 18 de Xaneiro de 2024

Concello Cabana de Bergantiños

Confraría de Pescadores de Laxe

Asinado:

Asinado:

Asociación de Empresarios de Malpica

Asinado:

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR

(incluír no sobre A)

Número de expediente de contratación: **GALP3-2024-006**

Denominación da contratación: **Servizo de Perito Independente Para Valoración Previa e de Obra de Proxectos de Construción Presentados ao Abeiro da Estratexia Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobada ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.**

Data da declaración: / /

D./Dna. , con NIF número , en representación (de ser o caso) de ,
con NIF número , con domicilio social

Teléfono correo electrónico aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa (1):

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é
.

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En a de 2024

sinatura do licitador

(1) Persoa física (traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.

ANEXO III: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

(incluír no sobre C)

Número de expediente de contratación: **GALP3-2024-006**

Denominación da contratación: **Servizo de Perito Independente Para Valoración Previa e de Obra de Proxectos de Construción Presentados ao Abeiro da Estratexia Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobada ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Costa da Morte no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.**

Data da declaración: / /

DATOS DO DECLARANTE

Nome: Apelidos: NIF:

Teléfono: Correo electrónico para notificacións:

Enderezo postal para efectos de práctica de notificacións:

(no caso de actuar en representación:)

Entidade mercantil que representa (de ser o caso): NIF: Cargo:

MANIFESTA:

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

Oferta económica **(O importe debe expresarse claramente en números e letras):**

Informes de Valoración Previa (Fase de Solicitud):

- Importe Ofertado por cada 100.000 euros de orzamento, sen iva: Inclúe a oferta:(importe en número) €.(en letra)
- IVE (%): (importe en número) €. (en letra)
- Total: (importe en número) €. (en letra)



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



Financiado pola
Unión Europea

Informes de Valoración de Obra (Fase de Xustificación):

- Importe Ofertado por cada 100.000 euros de orzamento, sen iva: Inclúe a oferta: (importe en número) €. (en letra)
- IVE (%): (importe en número) €. (en letra)
- Total: (importe en número) €. (en letra)

En a , de de

(Sinatura do licitador)